

OITAVA REUNIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA O PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE XERENTE DO CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DE A CORUÑA

Na Sala de reunións da Concellería de Emprego do Concello de A Coruña, sita no Palacio Municipal, Praza de M^a Pita s/n, ás 9.30 horas do día 14 de xullo de 2016, previamente convocados, reúnese o Tribunal Cualificador (en diante, o Tribunal), de conformidade co disposto na base décima das reguladoras da convocatoria, elevar a proposta de candidato/a para que sexa nomeado polo órgano competente e a adopción dos restantes acordos que resulten procedentes.

Asistentes:

- Presidenta: Dna. Teresa Somoza Quintero
- Vogal: Dna. Ana Agras Gómez
- Vogal: D. Rafael Benito Cases
- Vogal D. Jesús Casás López
- Secretario: D. Manuel José Díaz Sánchez

Asiste, como persoal técnico:

- Dna. M^a Ángeles Pinell Cienfuegos, Administradora do Consorcio, en funcións de apoio a Secretaría do Tribunal.

PROPOSTA DA CANDIDATURA SELECCIONADA DEFINITIVAMENTE

De conformidade co resolto na sesión anterior deste Tribunal, de data 20 de xuño de 2016 na que se procedeu a determinar a puntuación definitiva resultante de conformidade coa base décima, da puntuación obtida do proceso selectivo, que veu determinada pola suma das puntuacións obtidas nas dúas fases, tal e como se establece, e resultando polo tanto, a puntuación seguinte aos aspirantes que celebraron a entrevista:

CANDIDATO	PUNTUACIÓN		TOTAL
	1ª Fase	2ª Fase	
ALCALA BAILLIE, LUIS	32,50	26,00	58,50
ALVAREZ GONZALEZ, ASER	24,00	25,00	49,00
ALVARGONZALEZ FERNANDEZ, FEDERICO	22,00	14,00	36,00
BARREIRO VAZQUEZ, PABLO	32,00	23,00	55,00

CALATAYUD ALVAREZ, LANZADA	36,00	28,00	64,00
IGLESIAS RUBIO, TANIA	22,50	15,00	37,50
RODRIGUEZ FERNANDEZ, PAULA	25,00	10,00	35,00
VAZQUEZ SANMARTIN, ANTONIO	22,00	16,00	38,00
VILA LOPEZ, M ^a JESUS	20,00	12,00	32,00

Visto que, na referida sesión polo Tribunal, por unanimidade, formulouse a Presidencia a proposta provisional da candidatura seleccionada de **D^a LANZADA CALATAYUD ALVAREZ**, e foi publicada esta proposta na páxina web do Consorcio, e concedéndose dez días hábiles para posibles alegacións, e notificándose aos enderezos electrónicos que foron facilitados polas persoas concorrentes ao proceso selectivo, sin que conste a formulación de alegacións dentro de prazo ao resolto polo Tribunal, e que de conformidade coas bases, transcorrido este prazo, e unha vez concluído o proceso selectivo, o Tribunal elevará a proposta definitiva de candidato/a para que sexa nomeado e publicarse o dito resultado no BOP.

Visto que, na sesión anterior, tamén polo Tribunal, por unanimidade, acordouse elaborar unha listaxe de espera, baseada nas puntuacións obtidas polos candidatos e candidatas que houberan obtido na segunda fase, aló menos vinte puntos, vista a previsión do derradeiro párrafo da base novena, e tiveran superada tamén a primeira fase, e que poderán ser chamadas para a provisión, interina ou temporal, da praza obxecto de convocatoria, nos supostos de renuncia, ausencia, enfermidade ou vacante, durante o período previsto de duración do contrato, que quedará constituída polos seguintes aspirantes, e pola orde que se estableceu, e que tampouco se formularon alegacións contra a mesma:

D. Luis Alcalá Baillie
D. Aser Alvarez González.
D. Pablo Barreiro Vázquez.

Visto o antecedente, e de conformidade coa previsión contida na base décima das reguladoras da convocatoria, o Tribunal, por unanimidade, adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Elevar, con carácter definitivo, a proposta da candidata para que sexa nomeada polo órgano competente do Consorcio, a favor de **Dna. LANZADA CALATAYUD ALVAREZ**, por ser a candidata que obtivo mais puntuación no proceso de selección.

SEGUNDO.- Elevar igualmente, con carácter definitivo, unha listaxe de espera, baseada nas puntuacións obtidas polos candidatos e candidatas que houberan obtido na segunda fase, aló menos vinte puntos, vista a previsión do derradeiro párrafo da base novena, e tiveran superada tamén a primeira fase, e que poderán ser chamadas para a provisión, interina ou

temporal, da praza obxecto de convocatoria, nos supostos de renuncia, ausencia, enfermidade ou vacante, durante o período previsto de duración do contrato, que quedará constituída polos seguintes aspirantes, e pola orde que se estableceu:

- D. Luis Alcalá Baillie
- D. Aser Alvarez González.
- D. Pablo Barreiro Vázquez.

TERCEIRO.- Proceder a publicación deste resultado no Boletín Oficial da Provincia.

Sendo as nove horas e corenta minutos, dáse por rematada a reunión.

A Coruña, 14 de xullo de 2016

